

CONVENIO DE COLABORACIÓN PARA A REALIZACIÓN DO EVENTO “CARTA DE SANTIAGO” NA CIDADE DA CULTURA DE GALICIA

En Santiago de Compostela, na data de sinatura dixital

REUNIDOS

Dunha parte a **FUNDACIÓN CIDADE DA CULTURA DE GALICIA**, con domicilio social en Cidade da Cultura de Galicia situada en Santiago de Compostela, Monte Gaiás s/n, e provista do NIF G15721640.

Está representada neste acto por D^a. Ana Isabel Vázquez Reboredo, na súa condición de Directora Xerente, conforme aos poderes outorgados ao efecto polo Padroado da Fundación na sesión do 16 de decembro de 2016.

E doutra parte, **FUNDACIÓN PAIDEIA GALIZA** con sede social en A Coruña, Praza de María Pita, 17, e provista do NIF 15798655.

Está representada neste acto por M^a Sandra Ortega Mera, na súa condición de Presidenta do Padroado da Fundación Paideia Galiza con carácter vitalicio conforme aos poderes outorgados ao efecto polo Padroado da Fundación na sesión do 9 de setembro de 2013.

As partes, segundo interveñen, se recoñecen, mutua e reciprocamente, a capacidade legal necesaria e a representación suficiente para formalizar o presente Convenio de Colaboración (o “Convenio”), e ao efecto

EXPOÑEN

I.- Que a **Fundación Cidade da Cultura de Galicia** foi constituída o 27 de decembro de 1999, como organización de natureza fundacional, sen ánimo de lucro, cun patrimonio afecto de maneira duradeira á realización dos fins de interese xeral propios da institución.

Mediante a Orde da Consellería da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública do 11 de xaneiro de 2000, (DOG núm. 11 do 18 de xaneiro), clasificouse a Fundación Cidade da Cultura de Galicia como cultural e adscribiuse á Consellería de Cultura. Por Orde da Consellería de Cultura do 19 de xaneiro de 2000 (DOG núm. 26 do 8 de febreiro) declarouse de interese galego e inscribiuse no rexistro de fundacións desta consellería co número 73.

Esta Fundación Cidade da Cultura de Galicia forma parte do sector público da Comunidade Autónoma de Galicia. Na actualidade está adscrita á Consellería de Cultura e Turismo que exerce o seu protectorado e cuxo conselleiro ostenta a presidencia do Padroado, órgano reitor máximo da Fundación.

II.- Que a Fundación Cidade da Cultura de Galicia ostenta a titularidade da “Cidade da Cultura de Galicia” (CdC), un innovador e vangardista complexo construtivo, de singular valor arquitectónico e cultural, deseñado por Peter Eisenman, situado no monte Gaiás en Santiago de Compostela. A CdC inclúe diversas edificacións, infraestruturas, viais e zonas verdes, representando en conxunto un proxecto estratéxico de gran importancia dentro da vida cultural da Comunidade Autónoma de Galicia.

Segundo o artigo 6 dos estatutos da Fundación Cidade da Cultura de Galicia constitúe o seu obxecto social “a creación, explotación e promoción de áreas ou centros de conservación, produción, exhibición e consumo



cultural, comunicativo e tecnolóxico, que constitúa un espazo multifuncional, multidisciplinar e aglutinador, propicio á interacción cultural”.

Para a consecución dos fins mencionados no apartado anterior, a fundación pode realizar, entre outras, as seguintes actividades:

a) *As necesarias para converterse nun actor clave na difusión cultural, que serva de punto de encontro entre os cidadáns e a cultura.*

b) *As que contribúan a desempeñar un papel destacado no proceso de enriquecemento/aprendizaxe cultural da cidadanía, con especial énfase na adopción e uso das novas tecnoloxías.*

c) *As que fomenten a interrelación e os proxectos en conxunto entre axentes de distintos ámbitos das industrias culturais e creativas, con especial énfase na cooperación interrexional e a colaboración pública e privada.*

En virtude do mandamento estatutario, a Fundación promove a realización todo tipo de actividades de carácter cultural e de lecer, como mostra de integración da cultura internacional con actividades de espaxamento e eventos sociais, e procura a consecución dos seguintes obxectivos;

-Ofertarlle á cidadanía unha actividade e programación de calidade, acorde coa magnitude do contedor arquitectónico.

-Constituírse como o espazo natural de desenvolvemento, proxección e fomento da innovación do sistema cultural galego.

Neste sentido, “*Carta de Santiago. Diálogos para unha sociedade de futuro*” é un evento cultural enmarcado dentro das accións do Xacobeo 21-22 no cal participarán figuras relevantes en distintos ámbitos da cultura e a sociedade, persoeiros de prestixio internacional, recoñecidos polo seu labor en distintas disciplinas, que debaterán sobre o modelo de sociedade que está por vir, e sobre como queremos participar del, desde a positividade, a integración e a sustentabilidade. Complementarase ademais con propostas artísticas de creadoras e creadores.

O encontro promove a reflexión e o debate sobre a sustentabilidade, entendida arredor de catro áreas: economía, medio ambiente, ciencia e cidadanía, dentro dunha matriz conceptual sistémica e ecosocial, integradora das singularidades, e con perspectiva de xénero. Nestas catro grandes áreas artellaranse 21 temáticas de reflexión, que inclúen temas como clima, océanos, territorios e transición enerxética no eido medio ambiental; xenética, neurociencia, intelixencia artificial, saúde ou utopías e distopías no eido científico; economía rexenerativa e do ben común, modelo de mercado, dixitalización e emprendemento no eido económico; e educación, desigualdades, identidade, fronteiras, arte, pensamento e participación cidadá no eido político-social.

Deste foro de debate xurdirá a publicación Carta de Santiago, un documento no que se recollan as reflexións xeradas no encontro e tamén textos que complementen as conversas e debates ao vivo.

III.- Que **Fundación Paideia Galiza** foi constituída en 1986, como unha Fundación de interese galego, sen ánimo de lucro, cuxo patrimonio queda afectado de modo duradeiro á realización dos fins de interese xeral propios da Fundación.

A Fundación ten por finalidade e obxecto permanente:

a) *A atención, formación, orientación, documentación, estudo e investigación ou calquera outra forma de intervención nos campos das ciencias humanas e sociais.*

b) *A atención, formación, orientación, documentación, estudo e investigación ou calquera outra forma de intervención na problemática xerada por calquera tipo de exclusión social.*

c) *A promoción e realización de actividades de interese educativo, cultural, científico, deportivo, sanitario, de cooperación para o desenvolvemento, de fomento da economía social, de conservación do medio ambiente, de promoción do voluntariado ou outras de análogo interese humano e social.*

Fundación Cidade da Cultura de Galicia
Edificio CINC (3º andar), Monte Gaiás
15707, Santiago de Compostela
T.: (+34) 881 997 564, F.: (+34) 881 997 577
cidade.cultura@xunta.gal
www.cidadedacultura.gal



desenvolvemento de accións dirixidas a impulsar o emprendemento, promovendo a creación de empresas, de proxectos innovadores e a xeración de empregos...

IV.- Que a Fundación Paideia Galiza asinou coa Xunta de Galicia un convenio para a realización de diversas actividades no marco da actividade "Carta de Santiago", entre as que se atopa "*Carta de Santiago. Diálogos para unha sociedade de futuro*". Trátase dun encontro de tres días que terá lugar do 5 ao 7 de novembro e cuxa celebración está pensada para ser realizada no novo Edificio Fontán da Cidade da Cultura.

Como consecuencia do anterior, non é posible promover a concorrência.

V.- Visto todo o anterior, as partes están interesadas en que se celebre en Gaiás Cidade da Cultura de Galicia o evento "*Carta de Santiago. Diálogos para unha sociedade de futuro*", polo que as partes acordan a sinatura do presente convenio, consonte coas seguintes:

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO

É obxecto do presente convenio, a concreción dos aspectos organizativos entre as dúas fundacións, para a celebración do evento "Carta de Santiago. Diálogos para unha sociedade de futuro", del 5 al 7 de novembro de 2021.

SEGUNDA.- OBRIGAS DE FUNDACIÓN PAIDEIA GALIZA

En virtude do presente convenio, Fundación Paideia Galiza se obriga a:

- Realizar as actividades que lle son propias baixo a súa responsabilidade, segundo o establecido na lexislación vixente e de acordo coas boas prácticas e normas técnicas.
- Farase cargo dos gastos relativos a cachés, dietas e desprazamentos (de ser o caso) de todos os participantes e/ou relatores, así como os gastos de produción que estimen necesarios para a realización do evento, coa excepción dos conceptos específicos indicados na cláusula terceira, letra b).
- Posta a disposición do evento de pantalla, tradución, escenografía, video e streaming.
- Ofrecer un servizo de catering para autoridades; dito servizo será ofertado no Hall do edificio CINC. Non obstante o anterior, a Fundación porá a disposición da Fundación Paideia Galicia dun servizo de café para asistentes durante os días nos que se celebre o evento.
- Coordinar a comunicación do evento coa Fundación a través do seu Departamento de Marketing e Comunicación: para elo a Fundación Paideia Galiza informará por anticipado á Fundación Cidade da Cultura de Galicia das accións de comunicación e deberán remitir para aprobación da Fundación, todos os materiais de comunicación antes de ser editados, nomeando a tal efecto un representante, que coordinará co Departamento de Marketing e Comunicación da Fundación, toda clase de actos públicos de difusión e promoción do evento, tales como roldas de prensa ou actos con medios. O responsable do evento se compromete á convocatoria dun representante da Fundación Cidade da Cultura a roldas de prensa ou actos de comunicación pública que realice para de difusión e promoción do evento en Santiago de Compostela.
- Compromiso de incluír, en todo o material divulgativo e publicitario que se edite, os logotipos da Fundación Cidade da Cultura de Galicia, Xunta de Galicia e Xacobeo 21-22.
- Comunicar á Fundación Cidade da Cultura de Galicia a programación de actividades a desenvolver nos espazos cedidos e informar puntualmente dos cambios no programa.
- Limitar as actividades que afecten ás áreas e instalacións comúns dentro do complexo da Cidade da Cultura de Galicia, á programación comunicada previamente á Fundación.
- Actuar, no caso de xestión de bases de datos de carácter persoal, conforme ao disposto na cláusula decimo cuarta.





- j) Xestionar as autorizacións cos participantes, a fin de que a Fundación Cidade da Cultura poida tomar fotografías e imaxes de vídeo, así como a concesión sen custe para a Fundación de dereitos para distribuír estas imaxes a medios de comunicación e para ser empregadas pola Cidade da Cultura para a promoción das súas actividades nos soportes físicos e dixitais que considere (web, redes sociais, folletos, arquivo, etc...). Para este fin, a Fundación poderá contratar a profesionais que se encarguen de facer fotografías e vídeos o día do evento, sempre sen perturbar ao público e participantes no desenvolvemento do evento.
- k) A conservación e seguridade dos bens materiais e inmateriais que custodie, nos aspectos non previstos no contrato de seguro subscrito pola Fundación Cidade da Cultura de Galicia. Para elo, Fundación Paideia Galiza deberá ter subscrita unha póliza de seguro que cubra de forma suficiente os riscos sobre mobiliario, efectos e equipamento, de calquera tipo, do que sexa propietaria ou sobre os que teña a responsabilidade de mantemento e coidado que se encontren dentro das dependencias nas que se realizarán as actividades asociadas ao evento na CDC. A Fundación Cidade da Cultura non se fará responsable do roubo, perda ou deterioro de maquinaria, ferramentas, equipamento, instalacións ou de calquera outro elemento que se encontre situado dentro do espazo cedido, sexa cal fora a causa que o produza, dende o momento de vixencia do presente convenio.
- l) Contratar ao seu cargo a contratación do persoal que deba encargarse da recepción, almacenaxe e vixilancia do material almacenado pertencente a terceiros, así como do control de accesos ao recinto.
- m) Contratar ao seu cargo o material de produción excepcional, non considerado equipamento básico de iluminación e son.
- n) Xestionar e coordinar ao persoal contratado por Fundación Paideia Galiza, o cal dependerá exclusivamente da mesma e terá todos os dereitos e deberes inherentes á súa condición de empregador, sendo a Fundación Cidade da Cultura de Galicia de todo allea as devanditas relacións laborais. Incumbe especificamente ao empregador o cumprimento das disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social, e de seguridade e saúde no traballo.
- o) Identificar persoas, empresas e vehículos aos sos efectos de emisión da autorización de acceso ás instalacións da Cidade da Cultura de Galicia. Igualmente dotará ao persoal propio ou alleo dos medios de identificación e acreditación necesarios para facilitar a vixilancia e seguridade do complexo da CdC.
- p) Non ceder a terceiros ningún tipo de dereito de uso de instalacións ou imaxe corporativa, incluídos os dereito de imaxe do complexo, sen autorización expresa da Fundación.
- q) As medidas de prevención de riscos laborais esixibles segundo a normativa vixente, elaborando cada unha, os seus propios plans de prevención para o evento. Así mesmo, a Fundación Paideia Galiza farase cargo de esixir ás empresas que contrate para a execución do obxecto do convenio, que as mesmas contén cos seus plans de prevención de riscos laborais.
- r) Seguir as directrices da Fundación Cidade da Cultura de Galicia con respecto á imaxe institucional corporativa da CdC para mantemento dunha unidade formal neste campo coa Fundación Cidade da Cultura de Galicia.

TERCEIRA.- OBRIGAS DA FUNDACIÓN CIDADE DA CULTURA DE GALICIA

En virtude do presente convenio, a FUNDACIÓN se obriga a:

- a) A cesión temporal a título gratuito dos seguintes espazos:
 - 1. Salón de Convencións do edificio CINC. Empregarase a entrada do salón e a parte non accesible ao público para prensa, produción, organización e poñentes
- b) Apoio á produción do evento; para elo a Fundación se compromete a:
 - 1. Facilitar un equipamento de son e iluminación básico e escenario (24 tarimas rosco, máximo. O material de produción excepcional que non sexa considerado básico, deberá ser contratado pola Fundación Paideia Galiza con cargo ao seu orzamento.
 - 2. Rede wifi e por cable
 - 3. A Fundación porá a disposición da Fundación Paideia Galiza dun servizo de café para asistentes durante os días nos que se celebre o evento.





- c) Poñer a disposición deste evento o seu sistema de inscricións que a Fundación Cidade da Cultura de Galicia (Ataquilla.com) coas garantías que en materia de protección de datos sexan esixibles en virtude da normativa vixente.
- d) Apoio á comunicación e publicidade do evento cos medios propios que conta a Fundación.
- e) Declarar que os espazos cedidos en virtude do presente convenio se encontran en perfecto estado e en condicións de servir ao uso ao que se destinan.
- f) Mantemento das instalacións, agás no caso do equipamento propio de Fundación Paideia Galiza a seguridade e o equipamento ordinario dos espazos.
- g) Contar cun seguro que cubra de forma suficiente a totalidade dos inmobles e instalacións fixas da CDC.
- h) A promoción da imaxe exterior e dos valores arquitectónicos da Cidade da Cultura de Galicia, así como a xestión dos dereitos de imaxe e marca.
- i) Velar pola consecución e mantemento dunha imaxe institucional corporativa común e de calidade para todos os centros ou entidades que desenvolvan as súas actividades no recinto da Cidade da Cultura de Galicia.
- j) O coñecemento e a coordinación das actividades que, aínda que xestionadas por Fundación Paideia Galiza, se desenvolvan nos espazos da Cidade da Cultura de Galicia, para facilitar a información e a atención aos visitantes.
- k) Deseño e autorización da sinalética no espazo onde se realizará o evento, dentro do complexo da CdC, para informar da/s ubicación/s onde se celebre o evento.

CUARTA.- OBRIGAS COMÚNS

Fundación Paideia Galiza e a Fundación Cidade da Cultura de Galicia obríganse a:

- a) Velar polo cumprimento das obrigas que resulten deste convenio, poñendo en funcionamento os mecanismos de control que permitan avaliar o seu cumprimento.
- b) Desenvolver, a través dos instrumentos máis adecuados, un ámbito de coordinación horizontal.

QUINTA.- FINANCIAMENTO

Ambas partes financiarán os gastos derivados das obrigas que asumen con cargo aos seus orzamentos.

Serán por conta de Fundación Paideia Galiza, ademais dos gastos de persoal dependente das entidades integrantes da mesma, calquera que sexa o vínculo xurídico-laboral, o financiamento dos custos da súa actividade propia tales como gastos de produción, materiais publicitarios, material de oficina, material informático e de telecomunicacións, equipamento eléctrico e material en xeral, os de comunicacións (postais ou telefónicas). Exceptuase os gastos de produción e equipamento que se detallan na cláusula terceira, apartado b.

Serán por conta da Fundación Cidade da Cultura de Galicia os custos correspondentes á seguridade, limpeza, mantemento das instalacións, seguros (excepto o de responsabilidade patrimonial ou o relativo aos bens propios ou en depósito custodiados pola Fundación Paideia Galiza) ou impostos que afecten ao inmovble.

SEXTA.- MODIFICACIÓNS OU OBRAS NAS INSTALACIÓNS

Salvo que a Fundación Cidade da Cultura de Galicia o autorice previamente, por escrito, non se permitirán obras ou modificacións das instalacións cedidas temporalmente a Fundación Paideia Galiza.

Non se permite a colocación de elementos que modifiquen a uniformidade ou estética dos espazos cedidos.

SÉTIMA.- LIMPEZA

A Fundación conta cun servizo de limpeza para todo o recinto da Cidade da Cultura de Galicia, respecto dos espazos obxecto de cesión segundo figura no obxecto do convenio, contando, en todo momento, cos



recursos materiais e humanos que aseguren que antes, durante e despois dos días de utilización o recinto afectado pola cesión quede en perfecto estado.

OITAVA.- SEGURIDADE E CONTROL DE ACCESO AO ESPAZO

A Fundación conta cun servizo de seguridade ordinario para todo o recinto da Cidade da Cultura de Galicia, que continuará prestándose durante o período no que se ceden os espazos e instalacións.

Non obstante o anterior, o control de acceso aos espazos obxecto deste acordo dependerán de Fundación Paideia Galiza e a tal fin contará co persoal que estime oportuno, e establecerá para o devandito persoal os horarios que determine en función das necesidades do evento. O persoal de control de acceso levará de forma visible e permanente un distintivo que o identifique e o acredite como tal.

O exercicio do dereito de admisión, ás instalacións e espazos cedidos, corresponderá a Fundación no caso de non permitir a entrada de calquera persoa á zona cedida, de xeito debidamente xustificado. Non obstante o anterior, Fundación Paideia Galiza é responsable do trato que o persoal ao seu cargo dispense ao público asistente.

NOVENA.- PLAN DE ACTUACIÓN ANTE EMERXENCIAS

En cumprimento da normativa aplicable en materia de autoprotección, a Fundación dispón dun Plan de actuación ante emerxencias vixente para o conxunto de edificacións e áreas urbanizadas do complexo do Gaiás.

DÉCIMA.- MANTEMENTO

Durante a utilización das instalacións e dos espazos cedidos, Fundación Paideia Galiza será responsable da conservación e mantemento das zonas afectadas por cesión asumindo o compromiso de mantelas en perfecto estado en todo momento..

UNDÉCIMA.- CONDICIÓNS DE UTILIZACIÓN DOS ESPAZOS E INSTALACIÓNS CEDIDOS

En ningún caso a utilización por Fundación Paideia Galiza das instalacións ou espazos obxecto deste convenio poderá alterar o normal funcionamento de servizos e actividades da Fundación e da Cidade da Cultura de Galicia, nin poderá afectar a salas de exhibición temporal de fondos daquela cando nestas se estean a celebrar exposicións.

A Fundación establece os seguintes requisitos necesarios para formalizar a cesión das instalacións e espazos solicitados, que deberán ser aceptados pola Fundación Paideia Galiza:

- Fundación Paideia Galiza deberá respectar os horarios de apertura e peche das instalacións establecidos pola Fundación; en todo caso o acceso a zonas comúns e de traballo estarán dispoñibles os días hábiles que anualmente determina o calendario laboral local.
- Trala finalización da relación conveniada, Fundación Paideia Galiza deixará os espazos nas mesmas condicións nas que se encontraban no momento da súa ocupación polo cesionario.
- Cumpriranse todas as normas establecidas pola Fundación para a seguridade, e no seu caso a conservación, cuxo incumprimento supón a resolución do convenio.

DUODÉCIMA.- DIFUSIÓN DE IMAXES DA CIDADE DA CULTURA DE GALICIA

A reprodución, difusión e comunicación das imaxes, sons, ou documentación por parte de Fundación Paideia Galiza en canto inclúa referencias ou imaxes, externas ou internas das instalacións, espazos ou zonas correspondentes á Fundación Cidade da Cultura de Galicia en calquera medio de difusión impreso, audiovisual, Internet, ou en calquera soporte, físico ou virtual, requirirá a aprobación expresa e por escrito da Fundación.



DÉCIMO TERCEIRA.- CESIÓN E SUBCONTRATACIÓN

En ningún caso se admite a cesión ou subcontratación dos espazos ou instalacións obxecto do presente convenio.

DÉCIMO CUARTA.- PROTECCIÓN DE DATOS E CONFIDENCIALIDADE

Protección de datos e confidencialidade

As partes intervinientes manifestan ter sido informadas, respecto dos seus propios datos persoais que se faciliten para a formalización e o adecuado desenvolvemento deste convenio, conforme ao disposto no artigo 13 do Regulamento 2016/679 (UE) xeral de protección de datos persoais (en diante, RXPd). A lexitimación para o tratamento dos datos seus datos, será a execución do presente convenio.

No caso de que, no ámbito deste convenio, os intervinientes se facilitasen respectivamente datos persoais de terceiros, incluídos os relativos ao persoal ao seu servizo, estes serán tratados para o cumprimento dunha misión de interese público ou o exercicio de poderes públicos, debendo informar previamente á súa comunicación aos interesados.

Ambas as partes comprométese a dar cumprimento á normativa vixente en cada momento de protección de datos persoais, de conformidade co especificado no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016 relativo á protección dos datos persoais e á libre circulación destes datos (en diante, RXPd), a Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e demais normativa concordante que sexa de aplicación. No caso de que, para a realización obxecto do presente convenio, fora necesario que calquera dos asinantes accedese a datos persoais dos que resultase responsable a outra parte, darán cumprimento ás obrigas previstas no artigo 28 do RXPd, e en ningún caso os aplicarán ou utilizarán para fins distintos ao obxecto do presente convenio.

As partes intervinientes deberán respectar o segredo profesional e, en consecuencia, manter absoluta confidencialidade e reserva sobre a totalidade dos documentos e informacións que lle foran confiados para a formalización do convenio ou que sexan elaborados con ocasión da execución do mesmo. Así, quedan expresamente obrigadas:

- a utilizar a devandita información exclusivamente no ámbito deste convenio e para as finalidades previstas no mesmo;
- a non comunicala, nin total nin parcialmente, a ningún terceiro sen autorización expresa do emisor salvo nos casos expresamente previstos na lei, esixindo idéntico compromiso ao persoal que empregue ou co que colabore na execución do convenio;
- a facilitar o acceso á información unicamente ao persoal que a necesite para o desenvolvemento da devandita relación, a quen se comunicará a obrigación de tratar a información á que se lles dá acceso con carácter estritamente confidencial;
- a aplicar medidas de cautela e protección e destruír en calquera momento a documentación escrita recibida se así o solicita a parte que a fornece;

Considerarase información confidencial aquela á que os intervinientes accedan en virtude do presente convenio, especialmente a de tipo técnico ou tecnolóxico, de produción, de mercadotecnia, administrativa, ou económico-financeira, sempre que non teña carácter público ou notorio. Este deber manterase durante un prazo mínimo de dez anos desde o coñecemento desa información.

Condición de encargado do tratamento de Fundación Paideia Galiza

No caso de que a Fundación Paideia Galiza, respecto ao tratamento de datos persoais que puidese levar a cabo en virtude da realización do obxecto do convenio dos que a Fundación Cidade da Cultura de Galicia



actúe como responsable do tratamento, terá a consideración de encargado do tratamento para os efectos do disposto no artigo 28 e concordantes do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016 relativo a protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e a libre circulación destes datos (en diante, RXPd) polo que debera dar cumprimento, as obrigacións incluídas a continuación, esixindo idéntico compromiso do persoal ao seu servizo:

1. Utilizar os datos persoais obxecto de tratamento, ou os que recolla para a súa inclusión, so para a finalidade obxecto deste encargo. En ningún caso poderá utilizar os datos para fins propios.
2. Tratar os datos de acordo coas instrucións do responsable do tratamento. Se o encargado do tratamento considera que algunha das instrucións infrinxe o RXPd ou calquera outra disposición vixente en materia de protección de datos informara inmediatamente ao responsable.
3. Levar por escrito, cando proceda segundo o artigo 30 do RXPd, un rexistro das actividades de tratamento efectuadas por conta do responsable, que inclúa o contido previsto no referido artigo.
4. Non comunicar os datos a terceiras persoas, salvo que conte coa autorización expresa do responsable do tratamento, nos supostos legalmente admisibles. O encargado pode comunicar os datos a outros encargados do tratamento do mesmo responsable, de acordo coas instrucións deste último.
5. Manter o deber de segredo respecto dos datos de carácter persoal aos que tivese acceso en virtude do encargo, mesmo despois de que finalice o seu obxecto.
6. Garantir que as persoas autorizadas para tratar datos persoais se comprometan, de forma expresa e por escrito, a respectar a confidencialidade e a cumprir as medidas de seguridade correspondentes, das que lles informara convenientemente. O encargado manterá a disposición do responsable a documentación acreditativa do cumprimento desta obrigaón.
7. Garantir a formación necesaria en materia de protección de datos persoais das persoas autorizadas para tratar este tipo de información.
8. Asistir ao responsable do tratamento na resposta ao exercicio dos dereitos recoñecidos pola lexislación vixente en materia de protección de datos persoais, a través de medidas técnicas e organizativas apropiadas, para que este poida cumprir coa súa obrigaón de responder as devanditas solicitudes dos interesados nos prazos previstos pola normativa vixente. Para iso, o encargado facilitara ao responsable, a requirimento de este, e a maior brevidade posible, canta información sexa necesaria ou relevante a este efectos. No caso de que os afectados soliciten o exercicio dos seus dereitos ante o encargado do tratamento, este informarlles a través de calquera medio fidedigno, de que poderán acceder ao procedemento previsto para iso en <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>.
9. No caso de que o obxecto do presente convenio preveña a recollida de datos directamente por Fundación Paideia Galiza, este facilitara a información relativa aos tratamentos de datos que se van a realizar no momento de recadar os datos. A redacción e o formato en que se facilitara a información debese acordar co responsable e dará cumprimento en todo caso as esixencias previstas no RXPd.
10. Notificar ao responsable do tratamento, de forma inmediata e implementando as medidas de seguridade necesarias, as violacións da seguridade dos datos persoais ao seu cargo das que teña coñecemento, xunto con toda a información relevante para a documentación, e comunicación da incidencia, no seu caso, a Axencia Española de Protección de Datos, conforme ao previsto no artigo 33 do RXPd.
11. Dar apoio ao responsable do tratamento na realización das avaliacións de impacto relativas a protección de datos e na realización das consultas previas a autoridade de control, cando cumpra.
12. Implantar as previsións recollidas no R.D. 3/2010, de 8 de xaneiro, polo que se regula o Esquema Nacional de Seguridade no ámbito da administración electrónica (ENS). En todo caso, implantara as medidas de seguridade necesarias para:





1. Garantir a confidencialidade, integridade, dispoñibilidade e resiliencia permanentes dos sistemas e servizos de tratamento.
2. Restaurar a dispoñibilidade e o acceso aos datos persoais de forma rápida, en caso de incidente físico ou técnico.
3. Verificar, avaliar e valorar, de forma regular, a eficacia das medidas técnicas e organizativas implantadas para garantir a seguridade do tratamento.
4. Seudonimizar e cifrar os datos persoais, se fose necesario.

13. Poñer a disposición do responsable toda a información necesaria para demostrar o cumprimento das súas obrigacións, en particular, certificados de cumprimento da normativa expedidos por entidades acreditadas ou, en caso de non existir, facilitando a realización das auditorías ou as inspeccións que realicen o responsable ou outro auditor autorizado.

14. Designar un delegado de protección de datos, se correspondese, segundo o previsto no artigo 37 do RXPd, e comunicar a súa identidade e datos de contacto ao responsable.

15. Devolver ao responsable, unha vez cumpridas as prestacións obxecto da presente contratación, os datos de carácter persoal e, no seu caso, os soportes onde consten. A devolución suporá o borrado total dos datos existentes nos equipos informáticos utilizados polo encargado. Non obstante, este último poderá conservar unha copia dos datos estritamente necesarios, debidamente bloqueados, mentres se poidan derivar responsabilidades da execución da prestación.

DÉCIMO QUINTA.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

Constituirase unha Comisión de Seguimento para facilitar o seguimento e cumprimento do Convenio. A Comisión de Seguimento estará formada por dous representantes de cada parte e actuará como órgano de vixilancia, seguimento e control do establecido neste convenio.

A Comisión reunirse cantas veces estime se necesario a convocatoria de calquera das partes, estando condicionada a periodicidade das súas reunións polos asuntos para tratar.

DÉCIMO SEXTA.- VIXENCIA

A vixencia do presente acordo se circunscribe á duración prevista para a realización evento " Carta de Santiago. Diálogos para unha sociedade de futuro" do 5 ao 7 de novembro de 2021.

O convenio conservará a súa vixencia no caso de que varíen a denominación, razón social ou natureza xurídica de calquera das entidades conveniantes, sempre que as sucedan outras entidades que asuman as competencias sobre os espazos e as materias obxecto deste convenio.

A expiración do convenio polo transcurso do tempo pactado non outorga dereito a reclamar Indemnizacións.

As condicións da montaxe e instalación e traslado de persoal e materiais á Cidade da Cultura deberá autorizalo a Fundación de xeito expreso, polo que a empresa deberá presentar un proxecto escrito coas necesidades de instalacións que precise.

DÉCIMO SÉTIMA.- CAUSAS DE RESOLUCIÓN

Serán causas de resolución do presente acordo:

1. O acordo mutuo entre as partes.
2. O incumprimento sistemático e continuado das cláusulas contidas nel.
3. A falsidade ou inexactitude dos datos e circunstancias subministrados á Fundación Cidade da Cultura de Galicia.
4. A deficiencia no uso das instalacións e espazos cedidos.
5. A cesión ou subcontratación das instalacións ou espazos cedidos.





6. As disposicións normativas ou, de ser o caso, acordos polos que extingan as partes ou se dispoñan outros usos para a Cidade da Cultura de Galicia.
7. O incumprimento dalgunha das demais obrigas contidas no presente acordo ou na normativa civil aplicable.
8. A denegación das autorizacións e licenzas que procedan, así como os demais incumprimentos da normativa reguladora en materia de espectáculos públicos e actividades recreativas.

A resolución por incumprimento Fundación Paideia Galiza extingue o dereito deste a reclamar indemnización algunha por ningún concepto.

Tendo en conta ás circunstancias actuais derivadas da crise sanitaria provocada polo COVID19, establécense como posible causa de suspensión, as posibles vicisitudes que poidan derivarse dun rebrote da pandemia producida polo COVID19, e que determine un cambio nas datas programadas, de ser o caso. Segundo as circunstancias que se prevean e en función dos protocolos sanitarios que sexan de aplicación as restricións de movemento de persoas e bens por mor de potenciais futuras pandemias e dos prazos establecidos para ditas restricións, de chegar a producirse, as partes, de mutuo acordo, poderán optar pola realización da actividade noutra data ou ben pola resolución do convenio.

DÉCIMO OITAVA.- O asinamento deste convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera outra índole entre a Fundación Cidade da Cultura e os profesionais que vaian desenvolver as actividades previstas no convenio ou terceiros que colaboren na realización do evento ben coa prestacións de servizos persoais e/ou profesionais, ou ben coa entrega de bens e subministracións a Fundación Paideia Galiza de tal xeito que non se lle poderá esixir á Fundación Cidade da Cultura de Galicia, responsabilidade ningunha, nin directa nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento deste documento contractual.

DÉCIMO NOVENA.- NATUREZA XURÍDICA DO CONVENIO E XURISDICIÓN APLICABLE

O presente convenio queda excluído do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, en virtude do disposto no seu artigo 6. O convenio rexeráse polas súas propias cláusulas e a interpretación que das mesmas realice a Comisión de Seguimento, así como pola normativa xeral que resulte aplicable, aplicándose os principios da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 para resolución de dúbidas e lagoas que puidese presentarse.

As partes se comprometen a resolver de común acordo calquera controversia que puidera suscitarse sobre a interpretación ou execución deste Convenio.

As cuestións litixiosas xurdidas na aplicación do presente acordo, e non solucionadas na vía administrativa, serán resoltas pola xurisdición civil.

VIXÉSIMA.- PUBLICIDADE

Este convenio será obxecto de inscrición en cumprimento do establecido no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

As partes asinantes autorizan/consenten na publicidade dos seus datos persoais e demais especificacións recollidas no presente acordo de colaboración no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

Segundo o artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, ademais da información que debe facerse pública segundo a normativa básica en materia de transparencia, a Administración autonómica publicará o texto íntegro do acordo.



E en proba de conformidade, asínase e rubrica o presente Convenio, e para un só efecto, no lugar indicado no encabezamento e na data de última sinatura.

Pola Fundación Cidade da Cultura

Por Fundación Paideia Galiza

Ana Isabel Vázquez Reboredo
Directora Xerente

M^a Sandra Ortega Mera
Presidenta do Padroado

ANEXO I: Programa de actividades a realizar na Cidade da Cultura de Galicia.



GAIÁS
CIDADE DA
CULTURA

CARTA DE **SANTIAGO**

DIÁLOGOS PARA UNHA
SOCIEDADE DE FUTURO

5—7 Nov 2021

Edificio CINC - Salón de Convencións

Gaiás, Cidade da Cultura

www.cartadesantiago.com




**XUNTA
DE GALICIA**



Xacobeo 21-22



PAIDEIA
galiza fundación



CARTA DE SANTIAGO 21 ACORDOS A TRAVÉS DE 4 ÁREAS TEMÁTICAS

CULTURA E ARTES

1 - TRANSFORMACIÓN CULTURAL E PATRIMONIO
2 - ARTES
3 - NOVAS ECONOMÍAS CREATIVAS

MEDIO AMBIENTE

4 - AXENDA 2030
5 - ECOLOXÍA
6 - CAMBIO CLIMÁTICO
7 - TERRITORIOS
8 - DESEÑO
9 - BIODIVERSIDADE

ECONOMÍA E SOCIEDADE

10 - NEOECONOMÍAS
11 - NEOFINANZAS
12 - EMPREGO
13 - EMPRENDIMIENTO
14 - EDUCACIÓN
15 - DIVERSIDADE
16 - INNOVACIÓN SOCIAL

CIENCIA E TECNOLOXÍA

17 - SAÚDE
18 - BIOPOLÍTICA
19 - TECNOLOXÍA
20 - CIENCIA
21 - HUMANISMO

5 de novembro

INAUGURACIÓN no Camiño Primitivo

12:00 A Orixe - Inauguración e presentación ós medios. Con asistencia do relator da conversa programada a continuación.

CONVERSA no Camiño Francés

12:30 – 13:30 (Re)Imaxinando o século XXI.
Gunter Pauli. Autor da Economía Azul.
Presenta: Jorge Neri, Redactor Jefe de Cambio 16 y Consejero Delegado de Grupo EIG Multimedia, SL.

CULTURA E ARTES

Encontros no Camiño de Inverno

15:30 – 16:45 Etapa 1.
Temática. Transformación cultural – Patrimonio.
Interven:
Nacho Carretero. Reporteiro, escritor e produtor.
Flavita Banana. Ilustradora, viñetista e debuxante.
Moder: Domingo Villar. Escritor.

17:00 – 18:15 Etapa 2.
Temática. Artes – Novas economías creativas.
Interven:
Miriam Escofet. Pintora realista.
Juan Manuel Zafra. Profesional da estratexia corporativa, especializado en comunicación e disrupción dixital.
Moder: Marta Larralde. Actriz.

Coordina: Joaquín Martínez. Director de EsmerArte Industrias Creativas S.L.U. Promotor musical e Director artístico de Festivais de Música. Mánager de artistas.

CONVERSA no Camiño Inglés

18:45 – 19:45 (Re)Imaxinando o século XXI.
Pino Sagliocco. Presidente de Live Nation.
Presenta: Joe Pérez-Orive, Director de Marketing de Live Nation.

6 de novembro

MEDIO AMBIENTE

Encontros na Ruta do Mar de Arousa e Río Ulla

10:00 – 11:15 Etapa 3.
Temática. Axenda 2030 – Ecoloxía – Cambio Climático.
Interven:
Lucía Viñas Diéguez. Científica Titular do Instituto Español de Oceanografía (IEO) investigadora da contaminación mariña.
Salvador Fojón Polanco. Divulgador científico e experto en cambio climático na fachada atlántica.
Moder: Mónica Fernández-Aceytuno. Divulgadora de Natureza. Defensora do Patrimonio Natural e Cultural da “Necrópole Megalítica do Monte do Gato”.

11:30 – 12:45 Etapa 4.
Temática. Territorios – Deseño – Biodiversidade.
Interven:
Carolyn Steel. Arquitecta.
Joan Roig: Arquitecto. Socio fundador y Vicepresidente de Batlleiroig Arquitectura.
Moder: Teresa Táboas. Membro do Consello da Unión Internacional de Arquitectos (UIA).

Coordina: Pedro Calaza. Director da Escola Galega da Paisaxe. Decano do Colexio Oficial de Enxeñeiros Agrónomos de Galicia.

CONVERSA no Camiño Portugués

13:15 – 14:15 (Re)Imaxinando o século XXI.
Joséphine Goubé. Co-fundadora e Directora Executiva de Techfugees For Impact.

ECONOMÍA E SOCIEDADE

Encontros no Camiño do Norte

15:30 – 16:45 Etapa 5.
Temática. Neoeconomías – Neofinanzas – Emprego – Emprendemento.
Interven:
Mathilde Mesnard. Directora do Departamento de Asuntos Financeiros e Corporativos da Organización para a Cooperación e o Desenvolvemento Económicos (OCDE).
Adela Conchado. Líder de misións ambientais en The Overview Effect.
Moder: Ana José Varela. Directora Financeira da Organización para a Cooperación e o Desenvolvemento Económicos (OCDE).

17:00 – 18:15 Etapa 6.
Temática. Educación – Diversidade – Innovación Social.
Interven:
Alicia Tojeiro. Mellor mestra de primaria de España 2020.
Ainara Zubillaga. Directora de Educación e Formación da Fundación Cotec para a Innovación e profesora universitaria da próxima xeración de mestres e pedagogos.
Moder: Ana Freire. Investigadora e docente do Departamento de Tecnoloxías da Información e as Comunicacións na Universitat Pompeu Fabra.

Coordina: Marga Pazos. Presentadora e redactora de informativos de TVG. Directora de contas en wecom Consultora de Comunicación e RRPP.

7 de novembro

CIENCIA E TECNOLOXÍA

Encontros no Camiño Portugués da Costa

10:00 – 11:15 Etapa 7.
Temática. Saúde – Biopolítica – Tecnoloxía
Interven:
Bibiana Campos. Editora en Xefe de Chemical and Engineering News. Vicepresidenta do C&EN Media Group da American Chemical Society.
Senén Barro. Director Científico do CiTIUS - Centro Singular de investigación en Tecnoloxías Intelixentes da Universidade de Santiago de Compostela.
Moder: Cesar de la Fuente. Profesor da Universidade de Pensilvania. Xefe de Machine Biology Group desta universidade.

11:30 – 12:45 Etapa 8.
Temática. Ciencia – Humanismo.
Interven:
Daniel Innerarity. Catedrático de Filosofía Política, investigador Ikerbasque na Universidade do País Vasco e profesor no Instituto Europeo de Florencia onde dirixe a Cátedra Intelixencia Artificial e Democracia.
Luz Rello. Profesora de Sistemas e Tecnoloxías da Información no Dpto. de Información de Sistemas do IE Business School.
Moder: Amparo Alonso. Catedrática da Universidade da Coruña na área de Ciencias da Computación e Intelixencia Artificial.

Coordina: Marisol Soengas. Xefa do Grupo de Melanoma do Centro Nacional de Investigacións Oncolóxicas (CNIO). Vicepresidenta da Asociación Española de Investigación sobre o Cancro.

CONVERSA na Vía da Prata

13:15 – 14:15 (Re)Imaxinando o século XXI.
María Neira. Directora do Departamento de Saúde Pública e do Ambiente da Organización Mundial da Saúde.
Presenta: África González, Catedrática de Inmunología de la Universidad de Vigo. Académica de la Real Academia de Farmacia de Galicia.SL.

CLAUSURA no Camiño de Fisterra e Muxía
14:15 Clausura Compostelá.

Conversa. Formato conferencia con presentador/a. Duración: 1 hora.

Etapa. Formato entrevista: 1 moderador/a + 2 entrevistados/as. Duración: 1 hora e 15 minutos.

